



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 25 DE MAIO DE 2022

1. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00057687S.

Aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela de equipamento IA-8 para a implantación da plataforma loxística de Mallou.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela de equipamento IA-8 para a implantación da plataforma loxística de Mallou, formulado de oficio polo Concello de Santiago.

Segundo. Someter o Plan especial a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuren no Catastro.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos (Patrimonio Cultural e Telecomunicacións), así como os das empresas subministradoras de servizos.